



ACTA DO FALLO DO PREMIO SOMOS ESENCIAIS 2023

O cuarto certame 'Somos Esenciais', convocado baixo o lema *A información ao servizo da xente* polo Colexio Profesional de Xornalistas, en colaboración con *Gadis*, recoñece o traballo xornalístico máis salientábel sobre temática social en Galicia no ano 2023.

O xurado do Premio Somos Esenciais 2023 estivo composto por: Belén Regueira Leal, decana do CPXG; Ana Isabel Rodríguez Vázquez, decana da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela; María Eimil Méndez, membro do Departamento de Comunicación de Gadisa; Francisco X. González Sarria, vicedecano terceiro do CPXG; Lara Dopazo Ruibal, vogal da Xunta Directiva de Agareso, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social; e Cristina de la Vega Jiménez, xefa de Comunicacións e Relacións Institucionais da Área Sanitaria A Coruña-Cee e delegada da Asociación Nacional de Informadores de Saúde; Vanessa Casteleiro Martínez e Gemma Malvido Otero como gañadoras da pasada edición; e Darío Janeiro Pereira, secretario do CPXG e tamén do premio, do que levantou a presente acta.

A reunión do xurado tivo lugar o martes, día 16 de xullo. Na mesma, o secretario deu conta dos traballos recibidos, 21 en total entre prensa, radio, televisión, fotografía e internet. A continuación, o xurado deliberou para elixir o traballo gañador, dotado cun premio único de 1.500 euros e diploma acreditativo. Logo de analizar as propostas, o xurado decidiu:

- 1) Outorgar o premio *Somos Esenciais 2023* á xornalista **Alba Chao Vázquez, de Faro de Vigo**, pola súa reportaxe ***Pornografía en la red, la mayor escuela de desigualdad y misoginia***, un tema de máxima actualidade elaborado de forma rigorosa, cun amplo soporte documental e enriquecido con opinións de expertas que fornecen ao traballo do contexto axeitado. O xurado tamén destaca da proposta gañadora a súa capacidade para amosar unha visión global, mediante unha escrita precisa e ordenada, dun problema que afecta á toda a sociedade. As causas, as consecuencias e as formas de abordar o consumo de pornografía entre os menores converten o texto nunha ferramenta ao servizo da cidadanía, un dos aspectos fundamentais que se promoven mediante este premio.
- 2) Conceder unha mención de honra como *finalista* á xornalista **Carolina Sertal Souto** polo seu artigo ***Bebés roubados, entre o silencio e a impunidad***, publicada na ***Revista Luzes***, por presentar unha realidade complexa e dramática, durante anos silenciada, desde unha perspectiva diferente. O xurado valora o contido de alto valor social ademais da aposta polo uso do galego.



O xurado quere sinalar explicitamente a calidade dos traballos recibidos nesta edición. As 21 propostas enviadas confirman a necesidade de manter nos medios un espazo para a información social de calidade que achegue distintas realidades coa mirada analítica, crítica e contrastada do xornalismo. Igualmente, consolida un premio que chega, con esta, á súa cuarta edición.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia organizará un acto de entrega do premio nunha data por determinar, despois do verán, do que se dará cumprida información.

Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo desinteresado e complexo; así como os parabéns á gañadora, á finalista e ao resto de participantes, levántase a sesión.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, o 17 de xullo de 2024.

Darío Janeiro
Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e do premio *Somos Esenciais*